

Actualización do procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais

26/05/2020

O Ministerio de Sanidade publicou con data 26 de maio de 2020 unha nova actualización do procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao coronavirus (SARS-COV-2).

O documento plantexa dúas novidades:

- Adecuación do Procedemento á *Estratexia de diagnóstico, vixilancia e control na fase de transición da pandemia de covid-19 indicadores de seguimento* que foi trasladada ao BOE mediante a Orde SND/404/2020, de 11 de maio, de medidas de vixilancia epidemiolóxica da infección por SARSCoV-2 durante a fase de transición cara a unha nova normalidade. Esta Orde establece que o obxectivo nesta etapa é a detección precoz de calquera persoa que poida ter infección activa e que, por tanto, poida transmitir a enfermidade.

- Táboa co control de revisións e modificacións efectuadas, que facilita o seguimento das actualizacións do procedemento.

Para máis información ou resolución de dúbidas en materia de prevención de riscos laborais, contactar co Gabinete de Seguridade e Saúde Laboral da CEL (Tel. 982231150).

<http://www.cel.es/gl/documentacion/6233/actualizacion-do-procedemento-de-actuacion-para-os-servizos-de-prevencion-de-riscos-la>